

## ***Crterios para a selección de 2 contratos de colaboración, a tempo parcial e dunha duración de 6 meses***

### **1.- A valoración dos alumnos: 25 %**

Cada un dos alumno/as escollerá a dous compañeiro/as tendo en consideración a súa contribución ó máster. A palabra “contribución” pode ser entendida como desexe cada un.

### **2.- A valoración do expediente: 25 %**

### **3.- A valoración dunha proposta de investigación e/ou acción: 50 %**

Tendo en conta que os contratos de colaboración son a tempo parcial, polo que os alumnos que accedan a eles traballarían só media xornada en proxectos que agora mesmo están en curso, e tendo tamén en conta que é difícil que o contrato se prolongue máis alá dos seis meses, é necesario que o alumno sexa máis proactivo na busca de alternativas cando o contrato finalice. Neste sentido propónse que o alumno utilice a metade da xornada laboral durante os seis meses para ir poñendo en marcha un proxecto de investigación e/ou acción que cumpra coas dúas características seguintes: 1) *que teña posibilidades de obter financiamento*, o que lle permitiría ó alumno levalo adiante; 2) *que teña relevancia territorial*, entendendo relevancia como aqueles proxectos que poden solucionar problemas territoriais relevantes e/ou aportar coñecemento relevante sobre eses problemas.

O grupo de investigación facilita a súa rede de contactos, tanto nacionais como internacionais, e dálle soporte institucional ó alumno, pero non se compromete a involucrarse durante o período de contratación, máis alá de sinxelas labores de consultoría e orientación do alumno. É dicir, o alumno terá toda a responsabilidade á hora de facer efectiva a súa proposta.

A proposta constará dos seguintes apartados.

#### **1.- Xustificación (máximo 1 páxina)**

-En que medida a execución do proxecto pode mellorar a xestión territorial, ou dito doutro xeito, cal é a necesidade e oportunidade do proxecto?

-Determinar cal sería o horizonte temporal do proxecto

#### **2.- Entidade financiadora (máximo media páxina)**

-Explicar con detalle por que pode estar interesada en financiar o proxecto

#### **3.- Entidades colaboradoras, se has hai (máximo 1 páxina)**

-Que entidades da rede que o grupo ten, ou outras a maiores coas que se relacione o alumno, estarían involucradas no proxecto?

-Tratar de xustificar por que poderían estar interesadas

-A súa función e principais actividades a desenvolver

#### **4.- Plan de traballo para os 6 meses (máximo 1 páxina)**

-Principais actividades a desenvolver, e o tempo que se lle vai adicar, para darlle realidade ó proxecto e obter financiamento cando termine a relación contractual do alumno co grupo. Se é un proxecto de investigación, explicar que tempo se lle adicará a redactar as distintas partes da proposta e por quen serían redactadas e/ou quen estaría involucrado nesa proposta. Se é un proxecto de acción, explicar que accións (contactos, xestión, análises, etc.) necesarias para iniciar o proxecto e deixar claro o tempo que se lle pensa adicar.

5.- Presuposto estimado para levar a cabo o proxecto (**máximo 1 páxina**)

-Explicar moi sucintamente as principais actividades que tería o proxecto e o financiamento que necesitarán.

Data límite para entregar as propostas: 30 de novembro

Publicación dos nomes dos candidatos elixidos: 20 de decembro

\*Notas:

-Só se pode entregar unha proposta por alumno.

-A extensión máxima por sección indica só que non se debería ter máis extensión que a indicada, pero pode ter menos.